



Concello de Portomarín

ANUNCIO

Visto o Regulamento e bases xerais e específicas da bolsa municipal de emprego para a contratación de persoal laboral temporal para axuda no fogar.

Visto que dito Regulamento foi aprobado polo Pleno do Concello en data 17-12-2015 e publicado definitivamente no BOP nº 37 de 16 de febreiro e posteriormente modificado mediante Resolución de alcaldía en data 18 de maio de 2018 e por último modificado a través de Resolución de alcaldía en data 08 de xuño de 2020 no que respecta o seu punto 3. apartado g) sobre acreditación certificado de profesionalidade nivel 2 outitulación reglada no campo sociosanitario, debendo este sinalar *“cando non se dispoña das persoas coa acreditación requerida para as categorías mencionadas, e se acredite a non existencia de demandante de emprego na zona con estas características, mediante certificado da Oficina de Emprego correspondente, as persoas que non contén coa cualificación profesional esixida poderán ser contratadas ata que os seus postos poidan ser cubertos por profesionais cualificados ou ata que adquiren a cualificación correspondente”* en base a normativa vixente competente nesta materia, o regulamento e bases íntegras co seu texto completo poderán ser consultadas na páxina web do Concello www.concellodeportomarin.es, así como no taboleiro de anuncios do mesmo e sede electrónica municipal www.portomarin.sedelectronica.gal.

As instancias en modelo oficial (anexo I do presente) as que poderán concurrir as persoas que reúnen os requisitos sinalados no artigo 3 e 4 do regulamento, dirixiranse ao Sr. Alcalde acompañado dos documentos a que refiren os artigos 2 e 3 das bases xerais. Estas estarán a disposición dos participantes na páxina web do Concello www.concellodeportomarin.es, así como no taboleiro de anuncios do mesmo e sede electrónica municipal www.portomarin.sedelectronica.gal. O prazo de presentación é de cinco días naturais a partir do día seguinte á publicación no BOP.

O Alcalde Juan Carlos Serrano López

